

# **MEMORIA DO SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO E DE CONTRATACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DUN CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO “MÁSTER OFICIAL EN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E INNOVACIÓN”**

Ref.: 20TX/mmo  
Expt: 2017/NG11

## **ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE**

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten como principal obxecto prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico.

Dentro destas actividades, teñen especial interese os programas de cooperación educativa para reforzar a formación práctica dos alumnos universitarios e conseguir a súa incorporación ao mundo laboral. Coa sinatura deste convenio, o Instituto Galego de Estatística (IGE) colaborará directamente na formación e preparación dos alumnos matriculados no “Máster oficial en desenvolvemento económico e innovación”.

As actividades que de forma cotiá realiza o IGE, como órgano central do sistema estatístico público da Comunidade Autónoma son adecuadas para os fins que se pretenden a través deste Máster.

## **OBXECTIVOS**

Entre os obxectivos do Plan anual de actuación do IGE para 2017, aprobado pola orde da Consellería de Facenda do 28 de decembro de 2016, figura no artigo 2.4 a realización de cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas e en concreto, potencia as prácticas de alumnos das universidades galegas.

A sinatura deste convenio contribúe ao cumprimento destes obxectivos, coincidentes cos das universidades públicas galegas, que no ámbito deste Máster perseguen a formación integral do alumno, combinando os coñecementos teóricos cos contidos prácticos, para contar cun mínimo de experiencia que facilite a súa inserción no mundo laboral.

## **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

- Dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, en base ao establecido no artigo 18.2.c) do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística, asume o impulso e tramitación administrativa do expediente.

- Deberá solicitarse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda que informe previamente o proxecto de convenio entre o IGE e a USC para a realización de prácticas dos alumnos do “Máster oficial en desenvolvemento económico e innovación”.



- Ao tratarse dun convenio sen achegas ou obrigas económicas non se considera necesaria a súa fiscalización polas Intervencións xeral ou delegada.
- Pola mesma circunstancia anterior, de non ter orzamento económico, non é necesario aplicar o establecido ao abeiro da Instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se ditan instrucións para coordinar as achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia ás universidades galegas, relativo á solicitude do informe á Dirección Xeral de Universidades.
- Que será de aplicación o establecido tamén no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.
- Que a normativa vixente de convenios é a estatuída na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017.

